

C. 26 ~~mañá~~

Montevideo, 18 de Xaneiro de 1965.-

Estimado señor Tobío:

Xa está pra sair da imprenta a súa fermosa labourea sóbor Pondal, que fora premiada no ano 1959 no Certamen Literario orgaizado por Casa de Galicia. Por todo elo, é que me toma a liberdade de poñerlle catro letrifias, en nome da Comisión de Instrucción de dita Institución (da que son Segrederio), pra pedirlle un cativo favore. Este favore, consiste en que me envíe axiña unha biografía súa (algo así como un "curriculum vitae" da súa persoalidade literaria) pra poder faguer unha especie de limiar nos libros, xa a punto de xurdir.

Ten que perdoar ó meu atrevemento de escribirlle sin eisistir antre nos relación algunha (millor dito, fomos presentados cando viñera Otero Pedrayo a Montevideo, naquelle xornada de galeguismo sán en que interveñera tamén vostede), anque coído que alá no carozo da nosa i-alma sempre houbo relación.

Co desexo de que ó aninovo veña, pra vostede e os seus, cheo de ledicias, reciba un saúdo afectuoso de



Rógolle dirixir a súa resposta a:

FERNANDO PEREIRA CAAMAÑO
26 de Marzo 3411. apto. 6
Montevideo.